

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO 04.10.2018

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), cando son as 18.06 h do 04.09.2018, baixo a presidencia do alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de realizar a sesión ordinaria convocada para hoxe.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Rocío Aurora Bértoa Puente, Juan José Franco Casal, Alejandro Jorge Gutiérrez Sánchez, Juana Barro Couto, José Andrés Serantes Paineiras, Ana María Novo Picos, Juventino José Trigo Rey, Alejandra Permuy Meizoso, Justo Martínez Ardá, María Manuela Aguilar Prieto, Antón Lois Noceda Carballo, Joaquín Julián Ayala Garrido, Amalia García Balado, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, César Daniel Castro García e María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretaria:

Estefanía Manteiga Lamas

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido segundo o artigo 90.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, declara aberta a sesión e procede ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Dación de conta das Resolúcións da alcaldía dende o núm. 1042/2018 ao núm. 1183/2018

Os concelleiros danse por informados.

2. Aprobación, se procede, da Moción da sociedade Querendo Mulleres con Endometriose sobre a atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza no Concello

Consta no expediente a seguinte moción emendada, que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Dinamización Social e Transparencia pola unanimidade dos seus membros na sesión ordinaria de 26.09.2018:

“Moción sobre a atención a mulleres con endometriose e divulgación da doenza no Concello

Exposición de motivos

A endometriose é unha doenza inflamatoria, progresiva, extrónexo dependente, de orixe descoñecida. Consiste na implantación e crecemento benigno de tecido endometrial (glándulas e estroma) fóra do útero, na gran maioría dos casos no peritoneo pélvico e os ovarios, pero que pode afectar calquera parte do corpo da muller. A extensión da doenza varía dende poucas e pequenas lesións ata grandes endometriomas ováricos e/ou grandes e extensos nódulos ou fibroses e adherencias que causan unha severa distorsión da anatomía da muller.

O tecido endometrial pode estenderse por ovarios, peritoneo, ligamentos uterosacros e fondo de saco de Douglas, sendo menos frecuente fóra da pelve, aínda que pode afectar a calquera órgano (pulmóns, menixes, etc.). na pelve pode invadir órganos diferentes dos xenitais internos, como o intestino, frecuentemente recto e/ou sigma, a vexiga e os uréteres. Noutras ocasións o tecido endometrial ectópico localízase no propio útero, fóra do seu emprazamento normal, producindo unha variante de endometriose chamada adenomiose que pode ser difusa ou focal.

Adoita clasificarse a endometriose en 4 graos, segundo o nivel de infiltración do tecido, e non se pode correlacionar o estadio co tipo e/ou severidade dos síntomas e o seu pronóstico, nin tampouco co pronóstico de infertilidade.

Segundo os estudos, a endometriose afecta ao 10% das mulleres en idade fértil. De se confirmar este dato, en Galicia habería máis de 60.000 mulleres afectadas por endometriose, das cales o 15% teñen formas severas da doenza, o que suporía arredor de 9.000 mulleres.

A endometriose, ademais de poder resultar incapacitante par a muller, implica en moitos casos un grave problema de infertilidade.

O retraso medio do diagnóstico é de 8 anos, e vén dado por dúas causas fundamentais:

1. O descoñecemento da doenza e dos seus síntomas por parte das mulleres.
2. A pouca atención que, ata o momento, o sistema sanitario prestou aos síntomas da endometriose, asociando falsamente a regra coa dor, e normalizando este síntoma principal da doenza.

Por todo isto a asociación queENDO. Mulleres con endometriose eleva ao Pleno para o seu debate e aprobación os seguintes ACORDOS:

- 1 O Concello instará por escrito nos próximos 30 días so Sergas e á EOXI correspondente para que proceda a
 - 1.1 Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispenso o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matrona, fisioterapeutas, terapeutas...).
 - 1.2 Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.
 - 1.3 Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, ciruxáns xerais con experiencia en ciruxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos caos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias ementres estas non existan.
- 2 O concello instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de Sanidade a:
 - 2.1 Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.
 - 2.2 Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de ciruxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas á captar doantes na sanidade pública)
- 3 O concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Ministerio de Sanidade a:
 - 3.1 Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.
 - 3.2 Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.
- 4 O Concello comprométese a solicitar aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.
- 5 O Concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recordar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por queENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía."

Sometido o asunto a votación foi aprobado por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, o Pleno acorda:

1. O Concello instará por escrito nos próximos 30 días so Sergas e á EOXI correspondente para que proceda a

1.1 Establecer unha programación de xornadas de formación sobre endometriose ás que poida acudir o persoal sanitario que atende os distintos servizos que dispense o SERGAS no noso concello (facultativos de primaria e especializada, enfermería, matrona, fisioterapeutas, terapeutas...).

1.2 Garantir consultas específicas de Endometriose suficientes para o número de afectadas da área nos Hospitais aos que acoden as mulleres do noso Concello e á derivación destas pacientes a áreas nas que existan mentres estas non se creen.

1.3 Crear unha unidade multidisciplinar composta por xinecólogos, radiólogos, ciruxáns xerais con experiencia en ciruxía colo-rectal, urólogos, anestesiólogos, psicólogos, fisioterapeutas, especialistas en dor, etc., para mellorar a atención nos caos máis graves de endometriose e á derivación destas pacientes a unidades multidisciplinares doutras áreas sanitarias ementes estas non existan.

2. O concello instará por escrito nos próximos 30 días á Consellería de Sanidade a:

2.1 Dar cumprimento á moción que por unanimidade aprobaron todos os grupos políticos da cámara o 22 de abril de 2015 sobre endometriose e que recollía en gran medida as demandas das mulleres afectadas por esta doenza.

2.2 Facilitar ás mulleres con endometriose un mellor acceso aos tratamentos de fertilidade nos hospitais públicos (mellora nas listas de espera, facilidades para conxelación de ovocitos antes de ciruxías e tratamentos que poidan afectar á súa calidade ovárica, así como a execución de campañas de ovodoazón destinadas á captar doantes na sanidade pública)

3. O concello instará por escrito nos próximos 30 días ao Ministerio de Sanidade a:

3.1 Convocar un Consello interterritorial no que se aborde este tema e se estableza un plan estatal de endometriose no que se comprometan investimentos para a mellora da formación do persoal e a divulgación da doenza entre a poboación feminina.

3.2 Incluír na carteira de medicación financiada a totalidade de medicamentos subministrados a mulleres con endometriose.

4. O Concello comprométese a solicitar aos Institutos de Investigación Sanitaria de Galicia que desenvolvan proxectos de investigación da endometriose.

5. O Concello comprométese a impulsar unha campaña informativa entre mozas de 12-18 anos nos centros educativos do noso concello para dar a coñecer a doenza, e para tratar de recordar na medida do posible o retraso diagnóstico a través da distribución dun folleto informativo cuxos contidos serán facilitados por queENDO. Mulleres con endometriose, e que conta coa revisión da Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecología.

3. Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, aprobación, se procede, da Declaración Institucional do 11 de outubro Día Internacional da Nena

Preséntase a seguinte Declaración Institucional, que foi incluída na orde do día trala ratificación da unanimidade dos concelleiros/as logo de que o alcalde xustificara a súa urxencia en que o vindeiro Pleno será o 31 de outubro:

"DECLARACIÓN INSTITUCIONAL
11 DE OCTUBRE, DÍA INTERNACIONAL DA NENA 2018

A Federación Española de Municipios e Provincias súmase, un ano máis, á conmemoración con motivo do 11 de outubro, Día Internacional da Nena, reiterando o seu recoñecemento a todos os instrumentos de dereitos humanos co firme convencemento da importancia que supón a visibilización das nenas para romper co ciclo de discriminación e violencia e alcanzar o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Ao longo da historia, e aínda na actualidade, millóns de nenas en todo o mundo son, sen lugar a dúbidas, as primeiras vítimas das violacións dos Dereitos do Neno, sufrindo dobre discriminación, pola súa idade e polo seu xénero; e triple, se están en situación de especial vulnerabilidade ben por discapacidade, ben por pobreza. A pesar dos avances no recoñecemento a esta situación e nos progresos realizados na mellora das súas condicións de vida, os logros son poucos e lentos.

As Corporacións locais españolas coñecen os retos que deben afrontar para visibilizar e empoderar as nenas, e demostran unha forte vontade política para desafiar unha construción social enquistada en crenzas baseadas en estereotipos de xénero discriminatorios ao tempo que deseñan estratexias dirixidas a derribar as estruturas tradicionais que silencian a mulleres e nenas.

Partindo da convicción de que a igualdade non é só un dereito humano fundamental senón a base necesaria para conseguir un mundo pacífico, próspero e sostible, as Entidades locais españolas, entes territoriais con capacidade de decisión política propia e autónoma e provistas da forza que outorga a proximidade ás persoas e as súas necesidades, desenvolven un labor insubstituíble no recoñecemento e defensa dos dereitos dunha cidadanía plural que exige una transformación cara unha sociedade máis xusta e con maior benestar esforzándose, cada día, por facer visible o invisible.

Unha folla de ruta, a local, que fixa a mirada en desafíos comúns a todos os territorios como son a pobreza, a migración, a educación, a desigualdade, a violencia contra as mulleres e as nenas ou a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Por todo isto, os Concellos, Deputacións, Cabildos e Conseils Insulares adheridos á FEMP reafirmamos o noso compromiso para seguir impulsando políticas que garantan os dereitos das nenas co obxectivo de acadar unha sociedade xusta e sostible:

- Invitamos a todas as Entidades Locais a adherirse a esta Declaración e nos sumamos a todas as voces que claman pola fin da discriminación e da violencia de xénero, barreira infranqueable no camiño cara unha sociedade na que todas as persoas vivan en liberdade e igualdade.
- Lembramos a importancia de seguir traballando en medidas desde marcos de actuación integrais, onde a transversalidade sexa un feito que impregne todas e cada unha das políticas locais.
- Congratulámonos do recoñecemento ao noso labor no Pacto de Estado en materia de Violencia de Xénero e renovamos o noso compromiso de seguir traballando pola defensa dos dereitos das nenas en España e no mundo.
- Reivindicamos a necesidade de recursos suficientes para crear, a nivel local, estruturas de participación e de decisión para as nenas e mozas que favorezan avaliacións dirixidas a establecer a base científica necesaria para determinar as medidas de mitigación máis apropiadas e eficaces.
- Recoñecemos a importancia de traballar na eliminación das actitudes e os comportamentos cotiáns que, instalados na vida diaria, reproducen e perpetúan a desigualdade.

- Reafirmamos o noso compromiso cos dereitos fundamentais da infancia e resaltamos, unha vez máis, a nosa preocupación polo índice en aumento de menores asasinados a mans dos seus pais como instrumento de control e de poder sobre as mulleres."

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, intervén para solicitar que se traduza a declaración ao galego. Solicita tamén que haxa menos hipocrisía neste asunto e que as persoas responsables, que teñen nas súas mans facer estes cambios, o demostren tamén con feitos, e se tomen as medidas para que, por exemplo, non se consinta a segregación por sexos nos colexios, ou que, polo menos, os que a fan non sexan subvencionados pola Administración pública.

Sometido o asunto a votación, foi aprobado por unanimidade.

4. Mocións urxentes

Non se presenta ningunha.

5. Rogos e preguntas

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, comeza dicindo que seguen a ver falla de coordinación no goberno e malgasto en moitas das actuacións que se realizan. Di que se corta a herba ata tres veces por semana nalgún lugar do concello, o cal leva a que practicamente se quede sen herba porque seca. Pregunta se o Concello está a revisar estes traballos e roga que se corrixa a situación. Pregunta se teñen previsto cortar a maleza o cómaro que rodea as vivendas de San Valentín tanto pola zona de As Pías como na baixada do Machuco, tal e como se fixo en anos anteriores. Roga que se faga canto antes. Pregunta se van rematar a limpeza do Río Cádavo na zona baixa de Perlío e a partir da Casa do Concello. Pregunta se hai algún problema coa obra da marxe do Río Cádavo, xa que levan uns días parados. Sobre a homenaxe que o Concello vai facer nesta semana a Sito Sedes, sinala que colaboran dúas sociedades do Concello e pregunta se o Concello se puxo en contacto co resto das sociedades de Sillobre por se querían participar. Pregunta se teñen pensado facer unha nova bolsa de conserxes, xa que se dixo que a que había estaba caducada e ven que nestes días hai persoal de empresas privadas tanto na Casa da Cultura como nalgún colexio. Pregunta se é coñecedor o alcalde de que hai persoas alleas aos empregados municipal que estaban na nave de San Marcos nuns días do mes de setembro ata a noite, con luces acendidas, traballando ou cando menos dentro da nave; se é coñecedor, pregunta quen eran e que facían alí. Pregunta se é coñecedor o alcalde de que algunha empresa privada está a utilizar a nave de San Marcos para realizar traballos que consideran que deberían realizar nas súas propias instalacións e pregunta se esa empresa privada ten algún contrato co Concello para poder utilizar as instalacións municipais. Engade que nestes días lles facilitaron o estudo económico da xestión do Punto Limpo e pregunta como é posible que non se tivera en conta nese estudo ao Concello de Neda despois de máis dun ano negociando con todos os concellos; tamén que xestións se fixeron coa Consellería e se se informou aos demais concellos deste estudo e do seu custo. Lembra que están a agardar pola resposta por escrito ás preguntas do Pleno de setembro. Roga que se lles facilite unha copia do novo acordo de colaboración entre o Concello e Ecoembres, que se supervisen os traballos de poda en Marqués de Figueroa, dadas as protestas veciñais por falla de seguridade e que se lles facilite copia dos proxectos de novas ordenanzas para poder facer achegas con tempo suficiente.

O concelleiro do BNG, Justo Martínez Ardá, toma a palabra e expón que fará unha pregunta e, en función do que lle contesten, fará outras ou só rogos. Pregunta se lle van responder a algo.

O alcalde di que terá que facer primeiro a pregunta.

O Sr. Martínez di que xa van varios plenos con preguntas e varias solicitudes de documentación e que aínda non se lle contestou a nada.

O alcalde insiste en que pregunte primeiro e sobre as anteriores di que xa se lle dixo que se lle contestaría por escrito.

Justo Martínez expón que teñen constancia de que durante o verán se deixou o uso da cafetería do Pavillón de A Xunqueira durante diversas actividades. Pregunta cal foi o procedemento que se seguiu

para isto, se se asinou algún convenio coas persoas ás que se lle deixou e que documentación se lles solicitou. Engade que a eles lles dicían os servizos xurídicos do Concello que esa instalación non se podía deixar e pregunta se cambiou algo da lei para que agora si se poida facer a cesión dunha cafetería municipal a xente privada. Por outro lado, roga ao alcalde, Gumersindo Galego, que cando fale de artistas que acoden a Fene, coma o caso de Ses, mida as súas palabras, dado que un só artista mobilizou máis xente que o festival das Ondas organizado recentemente. Aclara que non critica o festival dado que a el persoalmente lle encantou, pero cre que o alcalde debera medir as súas palabras.

O alcalde, Gumersindo Galego, resposta sobre o Punto Limpo que non tiña constancia da vontade firme do Concello de Neda de incorporarse ao Punto Limpo de Fene, pero que xa chamou ao alcalde de Neda e se fará unha modificación de cifras. Engade que o estudo económico facilitóuselle ao Concello de Cabanas e que cando veña a corrección se lle facilitará aos concellos de Neda, Mugardos e Ares. Despois, cando todos manifesten a súa disposición, se licitará o primeiro dos escenarios o ou o segundo, cos 5 concellos. Sobre as xestións coa Consellería, di que as fixeron o alcalde de Cabanas e mais el, que foron á Dirección Xeral de Avaliación Ambiental e que alí se lles dixo que non pagaban o estudo económico nin o facían alí, nin o encargaban a unha empresa privada. Sobre o convenio de colaboración con Ecoembes, explica que non é un novo convenio, senón que vén dos problemas que xurdiron cos contedores amarelos a raíz da presentación do concurso de acredores da empresa.

O concelleiro de servizos, Andrés Serantes, di que non cre que sexa certo que pasasen tres veces nunha semana polo mesmo sitio, que pode ser a mesma zona pero sitios distintos. Afirmar que teñen orde os xardiñeiros de cortar unha vez á semana os parques durante o verán, porque queren que os parques estean cortadiños e verdes, pero que non obstante preguntará a ver se é certo. Sobre a limpeza dos cómaros de San Valentín, di que empezará a vindeira semana, e sobre o río Cádavo, di que farán outra limpeza porque unha xa se fixo, e que pedirán de novo permiso a Augas de Galicia e non farán coma o goberno anterior, que non pedía permiso. Di que se fará a nova limpeza en dous ou tres meses.

O concelleiro de obras, César Castro, sobre o muro do Río Cádavo, afirma que están a facer xestións administrativas e técnicas para incluír no proxecto unha beirarrúa por riba do muro, dado que a outra é moi estreita.

O concelleiro de turismo, Juan José Franco, sobre a homenaxe a Sito Sedes, di que hai unha asociación que tivo a idea e a outra que colaborará cedendo espazo en caso de choiva, e que tamén se convidou á coral. Cre que o acto non dá para máis e que ao fin e ao cabo é un acto do Concello e non feito pola veciñanza. Sobre a nave de San Marcos, di que non hai nada raro, e que os días que houbo xente de noite foron os previos ao comezo da escola obradoiro e houbo unha empresa que estivo limpando.

O concelleiro de deportes, Xoán Manuel Rodríguez Bastida, afirma que a utilización do ambigú do pavillón foi algo ocasional por unhas demandas que había. Lembra que na súa anterior etapa como responsable da área faláron de que había que regulalo, igual que as máquinas que hai. Reitera que foi un uso ocasional que hai que será regulado cando o discutan con eles e todos os grupos.

O concelleiro de persoal, respecto á bolsa de conserxes, afirma que están traballando e vendo que hai varios funcionarios conserxes no concello que non están non seus postos. Di que polo de agora están coa bolsa de arquivo que tamén deixou de estar vixente en febreiro de 2018.

O voceiro do BNG, Juventino Trigo, aclara ao concelleiro de servizos que o seu rogo era que deixen de cortar nalgúns sitios unha vez á semana porque xa non hai herba. E sobre a limpeza do río, afirma que só se limpou unha parte, e que non se limpou na parte baixa pola zona de Aguilar nin en Fene na parte de arriba, e que a pregunta era se se ía acabar de limpar.

O concelleiro de servizos, Andrés Serantes, afirma que en Aguilar si que se limpou e o pozo tamén.

O Sr. Trigo di que o pozo non.

O Sr. Serantes di que si. E que na zona de arriba non se limpou porque só se fixo onde se pediu o permiso a Augas de Galiza, sen quitarse da legalidade.

C.I.
E:
P-
150
360
0-G

Sobre a homenaxe a Sito Sedes, o voceiro do BNG di que consideran que a un acto organizado polo Concello deberan estar convidadas todas as sociedades de Sillobre.

O concelleiro de Turismo, Juan José Franco Casal, pregunta cales quedan.

O Sr. Trigo di que queda a Asociación de Montes Comunais e a Asociación de Veciños de San Marcos, co que non se falou con todas e ao mellor tamén estaban interesadas en participar nesa homenaxe.

O Sr. Franco di que estas asociacións tamén puideron poñerse en contacto con el e que se non o fixeron sería por algo. Engade que persoas destas asociacións o viron hoxe e onte e non lle dixerón nada, co cal ao mellor tampouco tiñan interese.

O Sr. Trigo, sobre o tema da nave de San Marcos, afirma que non se trata dos días que di o concelleiro de Turismo, senón outros días, e que non era persoal de limpeza.

O alcalde, Gumersindo Galego, engade que á nave se lle está a dar a mesma utilización que cando o Sr. Trigo era alcalde.

O Sr. Trigo di que non.

O alcalde di que xa llo explicará el e dá a palabra ao voceiro do grupo socialista, Antón Noceda.

O Sr. Noceda roga que se faga a limpeza do Río Cádavo antes de que cheguen as augas fortes. Sobre o uso da nave de San Marcos, pide ao grupo municipal do BNG que lles diga a que días concretos se refire, pero aclara que non fai falla que resposten no Pleno, senón que lles chega con que lles informe o goberno por escrito. Pregunta sobre os vertidos no corgo do Concello, que non foron solucionados pola obra que se realizou, se xa saben de onde veñen ou se teñen prevista algún tipo de actuación. Pregunta se teñen prevista algunha actuación na Escola de Sillobre, que consideran urxente por afectar á seguridade, como o panel explicativo do parque infantil, a reixa da entrada que está oxidada e rota e a falla dunha peza dos xogos. Roga a limpeza das escaleiras do Machuco en San Valentín. Pregunta sobre vertidos á ría de restos de rozas que se produciron na zona do paseo de madeira, se o Concello ten algunha responsabilidade ou se fixo algunha intervención para perscudar de quen é a responsabilidade. Roga que se repoñan as "losetas" na zona de diante do Bar Novo e se eliminen ratas da zona portal 15, e que se amañen as canastras da pista polideportiva de Centieiras que están oxidadas e con fisuras. Roga que se poden as camelias que hai diante das vivendas sociais da Avda. Tarrío e se repoñan "losetas" en varias zonas desta vía. Pregunta cal foi o criterio para a colocación dun espello nesta rúa fronte aos garaxes e se hai informe policial. Roga que se terminen de emendar os defectos derivados da obra dos pasos de peóns elevados, dado que o feito de que a obra fose mal executada polo anterior goberno, di, non desculpa o actual goberno non atenda unha intervención que incide na seguridade dos viandantes. Roga que o goberno preste especial atención e cariño ás obras previstas nos parques infantís do concello para que algunha vaia saíndo, se poida certificar algún e que fagan unha revisión porque algúns precisan só de actuacións moi sinxelas e pouco custosas para normalizar a súa situación. Pregunta se teñen previsión de cando van mandar alguén que mire se ese túnel está en condicións axeitadas. Roga se amañen as "losetas" levantadas por árbores na Avda Naturais, na zona da librería Contos e na zona de Abanca. Pregunta se o goberno ten xa un criterio claro e definido sobre a solución para o aparcamento dos autobuses no IES de Fene. Pregunta se hai previsión para as obras na Escola Infantil de Perlío e roga que se revise a sinalización da de Barallobre. Pregunta sobre a reunión prevista da xunta pro devolución do Pazo de Meirás, da que a súa representante no Concello, Amalia Balado, non recibiu comunicación a pesar de que saben pola prensa que é mañá, pero non onde nin a que hora. Pregunta se se realizou algunha actuación no paso elevado sobre a vía do tren de Perlío polas deficiencias que denunciaron no anterior pleno, e se non, cando está prevista.

O alcalde, Gumersindo Galego, sobre a reunión da xunta pro devolución do Pazo de Meirás, di que está revisando o correo e que non recibiron nada, e engade que ten información do grupo municipal do BNG.

O voceiro do grupo do BNG, Juventino Trigo, intervén e afirma que lle consta que houbo varias invitacións a este Concello por parte da Deputación para outras actividades convidando a todos os grupos municipais e que a eles nunca lles chegou desde o Concello esa invitación.

O alcalde di que se fixará ben nos correos.

C.I.
E:
P-
150
360
0-G

Sobre os vertidos do corgo, o alcalde informa que o enxeñeiro suxire que se revisen as conexións dos sumidoiros do Polígono, que vén pola N-VI, metendo "o topo" no cruce da Fraga e arriba, e a ver que se ve aí, dado que son como vertidos industriais. Di que toman nota das intervencións do parque de Sillobre e da limpeza das escaleiras do Machuco, das ratas do portal 15, dos rogos da Avda Tarrío e o dos parques infantís. A este respecto engade que hai unha subvención dun POS, pero que haberá que tomar decisións rápidas respecto dos elementos que poidan estar perigosos. Toma nota dos rogos da Avda Naturais. Sobre as obras da Escola Infantil de Perlío di que están no departamento do enxeñeiro.

O concelleiro de servizos, Andrés Serantes, sobre o vertido de restos de rozas á ría, afirma que a empresa que o fixo contratada polo Concello non foi, que limpou hai mes e medio e que cando foron mirar a obra viron a unha persoa particular cortando, e que non sabe se tirou os restos á ría ou non. Di que pasarán por alí e botarán un vistazo. Sobre os pasos elevados sobre a vía do tren, informa que están pedindo orzamentos a diversas empresas para ver se poden facer a reparación do de Perlío e do de Barallobre, dado que con persoal do concello afirma que é inviable.

O concelleiro de obras, César Castro, sobre a pista de Centieiras, explica que está prevista unha actuación importantísima para cubrición desta e que conleva un proxecto previsto para arrombar e modernizar as instalacións, tanto as gradas coma o material deportivo, pintado de pista, muros, etc.

O voceiro do grupo socialista, Antón Noceda, di que é coñecedor da actuación prevista pero insiste en que o estado actual das canastras é perigoso e urxe reparalas ou no seu caso retiralas.

O concelleiro de obras afirma que é a primeira noticia que teñen ao respecto. Sobre as vibracións no túnel do río Cádavo, di que deu traslado ao enxeñeiro municipal para que avalíe a pertinencia de facer algunha actuación ou no seu caso informe de que empresas poderían facer a dita avaliación e que de momento non teñen contestación e que, cando a teñan, lla trasladarán. Sobre o aparcamento no IES de Fene, informa que hai un proxecto encargado a unha empresa de enxeñería alternativo ao aparcadoiro nas pistas de atletismo e que xa se fixo unha primeira xuntanza coa directora do IES e esta empresa para solicitar información sobre as necesidades concretas a día de hoxe. Engade que a empresa xa presentou unha primeira idea que non se considerou pertinente ou adecuada e que cando teñan algo o presentarán á dirección do instituto.

A voceira do grupo mixto municipal, M^a Carmen Martínez, roga que as actas dos plenos se traian a aprobación con maior frecuencia. Solicita se lle faciliten as facturas de colaboracións coas Comisións de Festas e pregunta de parte da Comisión de Festas de Sillobre cando se lles vai aboar a factura pendente. Traslada unha queixa dunha veciña de preto do cemiterio de Sillobre que presentou escritos por rexistro para a roza dunha finca que case non lle permite entrar na casa, que falou coa Sra. Bértoa o co Sr. Serantes, e que a pasada semana aínda non fora ninguén por alí e pregunta se pasaron por alí.

O concelleiro de servizos, Andrés Serantes, resposta que xa se foi limpar o camiño público, mais non á finca privada que ten ao lado.

A Sra. Martínez pregunta se se fixo algunha actuación con respecto á finca privada. Pregunta se o servizo de recollida de voluminosos xa funciona con normalidade, dado que a pasada semana estaban recollendo cada quince días e non os días estipulados. Traslada unha queixa dalgunhas empresas do Polígono sobre a falta de reunións e sobre o estado da estrada central. Pregunta sobre a homenaxe do domingo, se a invitación para a Coral e para actuar no evento ou só para presenza. Fai unha observación sobre o Pleno de hoxe, afirmando que comezou ás 8.06 minutos e que ás 8.07 minutos estaba rematado no que se refire a asuntos do Concello de Fene.

Sobre isto, o Sr. Galego indica que a Sra. Martínez asistiu aos plenos dos outros meses, que estiveron cheos de contido e que supón que lle informaron en comisión de que vai haber un Pleno extraordinario para tratar temas importantes como obras e ordenanzas e que el nos tres anos anteriores non veu obras, nin ordenanzas nin nada, nin sequera dúas mocións. Sobre a estrada do Polígono, sinala que estes días a Xunta de Galicia aglomerou o tramo que lle corresponde, e que o tramo entre as dúas rotondas, que corresponde a Fene e a Cabanas, foi rebacheado, e estase a licitar o proxecto por parte do Concello de Cabanas para aglomerar toda esa zona.

O concelleiro de Urbanismo, Juan José Franco, sobre a roza dunha finca en Sillobre, di que se puxo en contacto telefónico coa persoa e que o expediente está en tramitación urbanística, que segue

C.I.
F.:
P-
150
360
0-G

unha orde de antigüidade. Sobre a homenaxe a Sito Sedes, informa que só vai cantar el mesmo e a súa orquestra, que non vai haber ningunha outra actuación de ningún tipo.

Sobre a factura da Comisión de Festas de Sillobre, o alcalde di que se pagará cando lle corresponda por orde, e que a el con lle consta esa factura.

O concelleiro de Servizos, Andrés Serantes, di que hai un mes que está normalizada a recollida de voluminosos e preguntalle á voceira do grupo mixto en que sitio exacto non se fixo a recollida para dicirlllo á empresa.

A Sra. Martínez di que no estanco de Sillobre deixóuse unha nevera e un conxelador un mércores pola noite para que o recolleran o xoves, e que estivo unha semana un e o outro quince días.

O Sra. Serantes di que falará coa empresa.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 19.21 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola secretaria Estefanía Manteiga Lamas e polo alcalde Gumersindo Pedro Galego Feal.

C.I.
E:
P-
150
360
0-G